

BELÉN VILLAR GONZÁLEZ voceira do Grupo Municipal do Partido Popular do Concello de Ponteareas, ao amparo do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presentamos ante o Pleno Corporativo a seguinte **PREGUNTA**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende fai varias semanas no entorno do edificio do Concello están varias persoas que pasan alí a noite e o día, e que din non dispor de vivenda nin lugar no que vivir.

Utilizan tanto a entrada do Concello na porta principal de acceso, como nos xardíns que bordean ó edificio, no que tamén hai dous parques infantís. Levan durante todo este tempo coas súas pertenzas amoreadas no chan, en bolsas ou dispersas, con colchóns para durmir cada noite e facendo a súa vida diaria sen que goberno local faga nada para por en orde esta situación.

Igual que os concelleiros do grupo municipal do Partido Popular somos coñecedores destes feitos e queremos que se busque unha inmediata solución, tamén son coñecedores os veciños que opinan que a situación é moi preocupante e non entenden porque o goberno local non fai nada e non da unha solución a todo isto.

Por todo o anteriormente exposto, dende o grupo municipal do Partido Popular formulados as seguintes PREGUNTAS á Alcaldesa:

1. Sendo o Goberno local coñecedor desta situación na que viven estas persoas, que accións levou a cabo para buscarlles unha solución que impida que continúen vivindo a intemperie e, aparentemente, sen teito onde acubillarse ?
2. É urxente intervir e buscar unha solución, porque tanto para estas persoas vulnerables que neste momento viven na rúa deben abandonar esa situación, como para o resto dos cidadáns que non lles gusta a imaxe que damos como pobo, que se senten inseguros, e que lles xera preocupación. Cal é a solución que o goberno local lles van dar e cando pensan facelo?

Ponteareas, a 22 de xullo de 2022



Asdo: Belén Villar González

ATT: PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE PONTEAREAS